



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9

Sendo as 10:00 horas do día 28 de xuño de dous mil dezaseis reúnen-se, en primeira convocatoria no edificio de ADIF en Vigo, os membros da Comisión de Seguimento das obras da ampliación da AP-9 seguintes:

NOME E APELIDOS	REPRESENTACIÓN
D. Javier Bas Corugeira	Alcalde
D. Arturo González Barbeito	PP
D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros	PP
D ^a . M ^a Carmen Amoedo Dasilva	PP
D ^a . Teresa París Blanco	PP
D. Mauro Álvarez Castro	PsdG-PSOE
D. Xavier Balsas Barbeira	BNG
D. Roberto Villar Rodríguez	AER
D. José Romero-Amich Nieto	Arquitecto municipal
D. José Antonio Fernández Aguilera	GOC, S.A.
D. Francisco Álvarez Airavella	As. Afectados AP-9
D. Rafael Baltasar Cela Acevedo	As. Afectados AP-9
D. Cesar Domínguez Fernández	As. Afectados AP-9
D. Francisco Puch Casal	As. Afectados AP-9
D. Juan Corugeira Cabaleiro	AA.VV. de Trasmañó
D. Constantino Castro Campos	AUDASA
D ^a . Ana Fernández Prieto	AUDASA
D. Pablo Domínguez Gómez	Mº de FOMENTO
D. Juan José Consuegra Pérez	UTE-RANDE

actuando como secretaria de actas D^a. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES DE DATAS 4 DE MAIO DE 2015; 22 DE SETEMBRO DE 2015 E 3 DE NOVEMBRO DE 2015.**
- 2. SITUACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9**
- 3. ROGOS E PREGUNTAS.**



CONCELLO DE REDONDELA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES DE DATAS 4 DE MAIO DE 2015; 22 DE SETEMBRO DE 2015 E 3 DE NOVEMBRO DE 2015.-

Iníciase a sesión polo alcalde preguntando aos presentes se teñen algunha alegación que facer as actas presentadas pola secretaria da comisión que foron enviadas previamente a través de correo electrónico. Ninguén presenta alegacións ás mesmas polo que se pasa este primeiro punto a votación resultando aprobadas por UNANIMIDADE dos membros presentes na xuntanza.

2.- SITUACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AP-9.-

O alcalde pide información aos representantes de FOMENTO e AUDASA respecto das obras, dos distintos escenarios nos que se está actuando e pregunta tamén sobre a previsión de prazos para a súa realización.

Contéstalle a Sra. Fernández Prieto (AUDASA) indicando que se está traballando ao 100% e a pleno rendimento, tendo en conta o calendario escolar.

O Alcalde pregunta que previsión teñen para a zona da ponte.

A Sra. Fdez. Prieto contéstalle indicando que se pasou todo á enxeñería e que todo está definido. Que se está traballando no taller e que se verá en pouco tempo. Indica así mesmo, que non hai modificación do proxecto inicial.

O Alcalde pregunta se están xa definidos os prazos ao que lle contesta a Sra. Fdez. Prieto que se van cumprir.

O Sr. Consuegra (UTE-RANDE) indica que en novembro ou decembro a zona de Chapela debería estar totalmente rematada.

Pregúntalle o Sr. Villar (AER) se é coa reposición dos servizos incluída.

A Sra. Fdez. Prieto contéstalle que non.

O Sr. Villar di que se quedou en rematar primeiro todo en Chapela e despois se faría a ponte, viaduto, etc... Insiste en que van rematar o proxecto pero non as reposicións.

O Alcalde toma a palabra para dicir que actitudes negativas non conducen a nada e que o que se está intentando é que se poña enriba da mesa a situación real das obras, prazos e incluso posibilidades de facer máis cousas.

O Sr. Villar (AER) pide desculpas polo ton, pero insiste en que hai meses que non se fai ningunha xuntanza e que as cousas están como están.

O Alcalde insiste en que se están buscando solucións. Que xerar conflitos e enfrontamentos non conduce a nada e pregunta novamente á representante de AUDASA, Sra. Fdez. Prieto, como está o tema das reposicións. Indica así mesmo que dado que na xuntanza está un técnico da empresa que o concello contratou para facer as obras (GOC,SL) poden poñer enriba da mesa os plantexamentos para que entre FOMENTO e AUDASA se estudien para ver a posibilidade de facelas viables.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Domínguez Gómez (FOMENTO) di que eles non viron as propostas de GOC,S.A.

Toma a palabra a Sra. Fdez. Prieto (AUDASA) indicando que o que se recolle nos planos da empresa é o que ela plantexaba máis zona de aparcadoiro de vehículos. Temas de pintura, paso peóns, rotonda, rampa de acceso a Igrexa, etc. Na proposta de Audasa a inclinación entre o Camiño da Igrexa e Pasán ten unha inclinación do 13% e na proposta de GOC propónse reducila ao 8% polo menos para o itinerario peonil. Para iso habería que deixar nun so sentido o vial que actualmente baixa cara o lavadoiro, desta maneira se gañaría desenvolvemento para suavizar a pendente da beirarrúa. Na proposta de GOC plantéxase unha rasante independente para a beirarrúa, que describe uns tramos de ida e volta en rampa (con alternativa en escaleira) para gañar desenvolvemento e suavizar a pendente. Sería necesario un murete con barandilla para salvar o salto entre beirarrúa e vial.

O técnico de GOC explica a súa proposta á Sra. Fdez. Prieto de AUDASA indicándolle que se lles enviou ademais para o seu estudio dos tanteos de rasante para o vial que posibilitarían reducir a inclinación do mesmo ata o 8%, co que non sería necesario dar rasantes independentes á beirarrúa e ao vial.

A Sra. Amoedo Dasilva (PP) insiste en que hai que dálle prioridade á mobilidade peatonal sobre calquera outra cousa.

O Alcalde pregunta se o que están plantexando é viable ao que lle contesta a Sra. Fdez. Prieto, de AUDASA, que si.

O Alcalde insiste en que hai que trasladar a FOMENTO a necesidade de que na zona de entrada ao IES deberán ubicar unha zona de aparcadoiro para autobuses escolares na beirarrúa da Avda.de Redondela e que o outro aparcadoiro proposto xunto ao peche do instituto, poderá ser modificado para dispoñer varias prazas de minusválidos en liña.

GOC explica que poderán existir 3 prazas de minusválidos porque son 22 m.

O Alcalde insiste en que deberá existir unha regulación semaforica e que iso deberá facelo FOMENTO, dese xeito permitírase máis fluidez no entorno. Tamén se está valorando unha regulación semaforica na Avda.de Redondela.

O Sr. Domínguez (FOMENTO) di que pensa que non haberá problema pois cré que xa está deseñado.

O Alcalde indica que este é o momento de arreglar todo isto. Hai que ter en consideración que esa zona é un entorno de moito movemento e polo tanto haberá que facer o esforzo de buscar solucións que sirvan para o futuro polo que espera que a proposta de FOMENTO recolla todo isto.

O representante de FOMENTO indica que unha vez que todo este consensado haberá que ver como se financia pois iso non está no proxecto.

O Sr. Villar Rguez. (AER) pregunta se existe partida orzamentaria para iso.



CONCELLO DE REDONDEIRA

O Alcalde e a Sra. Amoedo Dasilva preguntanlle ao Sr. Villar Rguez. se pretende rebentar a xuntanza ao que lle contesta que non, que o único que pretende é ter información.

O representante de FOMENTO indícalle ao Sr. Villar Rguez. que claro que non hai partida orzamentaria, que haberá que dálle un trato adecuado para poder facer estas melloras que se pretenden.

O Sr. Villar Rguez. insiste en que estas melloras son necesarias porque se está ampliando a autoestrada, que a realidade é esa e non outra e que polo tanto é FOMENTO quen debe resolver os problemas que se están ocasionando polas obras.

O Sr. González Barbeiro (PP) dí que hai dúas cousas ben diferenciadas. Que FOMENTO non ten obrigación xurídica de adaptarse ao PERI que o que teñen é obriga de resolver o que rompen, non outra. Xa que logo pensa que hai que relaxar o nivel de esixencia para intentar resolver e mellorar todo o que se pretende incluso aquilo que a medida que van avanzando as obras se ve que é bo mellorar para o futuro.

O Sr. Villar Rguez. insiste en que éste é o tempo de repoñer e resolver os problemas que xurden na parroquia con motivo das obras que se están levando a cabo.

O representante de FOMENTO di que no que se está plantexando non samente hai reposición senón que tamén hai moitísimas melloras a máis.

Toma novamente a palabra o Sr. Villar Rguez. insistindo en que a actitude de FOMENTO é inaceptable e que o que se está pedindo por parte dos representantes da parroquia é porque con motivo das obras se están producindo problemas importantes para os veciños e veciñas que están sufrindo as consecuencias das mesmas e merecen que lle resolvan os problemas que van xurdindo.

O Sr. González Barbeiro e a Sr. Amoedo Dasilva (PP) insisten en que non se pode vir á xuntanza coa actitude de reventala, que hai que ter outra disposición que é a de chegar a acordos que beneficien aos veciños.

O representante de FOMENTO dí que en principio pensa que se van aceptar todas as modificacións pero que el non é o que ten que decidilo.

PONTE DE TRASMAÑÓ.-

O Sr. Corugeira Cabaleiro toma a palabra para ler a acta onde o Sr. del Rio dí que se recuperará o proxecto de 1975 e indica que non se está dando contestación a iso, que efectivamente se está mellorando a ponte, pero que iso non é o que quere para a súa parroquia. Insiste en que esa ponte é inútil e pregunta se van facer algo para resolver ese grave problema ou non.

Con respecto as obras DEBAIXO A PONTE DE RANDE indica que se cortou a pasarela peatonal co perigo que iso conleva para os viandantes. Con respecto da altura da calzada e ponte pregunta pola cota e se hai unha cota mínima nas pontes.

O representante de FOMENTO indica que ten a cota necesaria.

O Alcalde pregunta se é onde está a peaxe.



CONCELLO DE REDONDEIRA

O Sr. Corugeira Cabaleiro indica que cr e que iso non est  legal e pregunta se quen decide iso   FOMENTO.

Cont stalle o Sr. Castro (AUDASA) dec ndolle que cando se fai un proxecto  ste   sempre legal e que sempre cumpre coa normativa.

O Sr. Corugeira insiste en que a ponte de Trasma o   in til hoxend a e que lle parece imposible que actualmente sexa legal. Cont stalle o Sr. Castro (AUDASA) que est n na xuntanza para encaixar as melloras a trav s dun proxecto complementario para poder executar esas melloras. O orzamento previsto est  no custe total das obras e d  que un 18% do mesmo   para melloras. Insiste en que   vontade de AUDASA sacalo adiante de forma ordenada pero que hai que facer unha tramitaci n. Explica que non se pode gastar sen mais, que hai que chegar a acordos e buscar unha soluci n de consenso para que se aprobe e se ordene ese gasto.

O Sr.  lvarez Airavella (Afectados AP-9) pregunta canto se tardar  en chegar a rematar con todo isto.

O representante de FOMENTO cont stalle que de hai vontade de que as cousas se fagan ben pero que hai que d rlle un tr mite administrativo e iso leva o seu tempo.

O Sr.  lvarez Airavella pregunta sen n hai posibilidade de facer un tr mite de urxencia. Cont stalle o representante de FOMENTO de que sexa de urxencia ou non hai que facelo. A Sra. Amoedo Dasilva di que ser  mellor aprobar ese tr mite canto antes, insistindo o Sr.  lvarez Airavella de que   ser  m is doado facelo antes de que rematen as obras. O representante de FOMENTO reitera que o l xico ser  que se aprobe canto antes.

O Sr. Puch Casal preg ntalle aos presentes se se vai tratar ou non a reposici n de servizos en Chapela.

O representante da empresa GOC, S.A. explica as melloras recollidas nos planos alternativos presentados por eles para a ponte de Trasma o.

O Sr.  lvarez Castro (PSOE) pregunta polos postes de telef nica existentes e a posibilidade de movelos ao que lle contesta o representante de FOMENTO de que mover dous postes non ten porque ser problem tico. Resp ndelle o representante da empresa GOC dec ndolle que precisamente iso ser  o que posibilite a ampliaci n do tramo xunto   estrada nacional, da subida ao paso superior de Trasma o.

O Sr. Corugeira di que efectivamente parece que hai moi boa disposici n pero insiste en que hai que buscar cartos para facer unha nova ponte en vez de mellorar a existente que sempre quedar  mal.

O Sr. Puch Casal pregunta pola SUBIDA A MOURI O e pola zona de CORNIDE. Cont stalle o representante da empresa GOC dec ndolle que as propostas de modificaci n na subida a Mouri o melloran as beirarr as, que non cambian o muro pero xeneran un itinerario peatonal. Ind calle as  mesmo, que o estado final de Cornide se est  estudiando e que depende da configuraci n final do muro de pilotes previsto no proxecto da autoestrada.



CONCELLO DE REDONDEIRA

A Sra. Fdez. Prieto de AUDASA indica que iso non está estudiado e pregunta se xa hai unha proposta feita.

O representante de GOC indíca que na zona de Pasán hai unha casa, que se poideran dispoñer dese terreo sería para dar continuidade ao novo vial para que conecte co paso superior sobre a autoestrada.

O representante de FOMENTO di que esa casa é para expropiar ao que lle contesta o representante da empresa GOC dicíndolle que eses terreos son interesantísimos para poder realizar esas melloras. Contéstalle o representante de FOMENTO dicindo que está en fase de expropiación.

O Sr. Castro Campos (AUDASA) expón que se fixo unha oferta e que están en trámites co propietario da vivenda, explica que apareceu un avogado polo medio e non acepta o prezo pero que non se vai pagar máis. O trámite da expropiación é complicado e iso o dificulta todo.

Toma a palabra o Sr. Dguez. Fernández (Afectados AP-9) para dicir que a Sra. da expropiación está de acordo co prezo e que o que realmente quere é que a chamen xa, que non o están facendo.

O Alcalde pregunta como está o tema do colexio ao que lle responde a Sr. Fdez. Prieto que se farán as obras no periodo non lectivo.

O Sr. Puch Casal di que a decisión das APAS e do claustro de profesores é iniciar as obras fóra do periodo lectivo.

O Sr. Villar Rguez. indica que non entende porque as preguntas que presentan en comisión non se envían ao Ministerio para que se contesten e resolvan as cuestións plantexadas.

O representante de FOMENTO indica que a autoestrada expropiou hai anos as pistas do colexio e que se está tramitando o novo proxecto. Indica así mesmo que están expropiando uns terreos para a súa construción e que hai 3 millóns de euros para levalo a cabo.

O Sr. Villar Rguez. insiste en que non se está contestando ao que está preguntando.

A Sra. Amoedo Dasilva contéstalle ao Sr. Villar Rguez. que como grupo político poden dirixirse ao Ministerio para esixir a contestación as preguntas realizadas en comisión.

O Alcalde dí que non vai entrar neste tipo de provocacións que a único que pretenden é rebentar a xuntanza.

O Sr. Dguez. Fdez. (AP-9) expón que esta xuntanza é para buscar solucións e non para que os grupos políticos veñan discutir sobre posicionamentos políticos. Insiste en que aquí se veñen buscar solucións. Con respecto das obras indica que están avanzando a pasos axigantados pero insiste en que non se están facendo as reposicións. Pide expresamente que se pida a AUDASA o compromiso de que cando se rematen as obras se empece cos traballos de reposición.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Puch Casal recalca as palabras do Sr. Dguez. Fdez. manifestando que non deberá solicitarse somente a AUDASA senón tamén a FOMENTO.

ENTORNO DA IGREXA.-

O Alcalde explica que interesa humanizar toda esa zona para poder incluílo como mellora. Contéstalle o Sr. Puch Casal decindo que moitos deses terreos xa están expropiados. Pregunta tamén polo tema do transformador.

A Sra. Fdez. Prieto (AUDASA) contéstalle que industria deu o visto e praxe, que somente depende de Fenosa porque hai que movelo antes.

O Sr. Dguez. Fdez. di que non é somente o transformador senón que é a canalización do cableado e que hai que axilizar todo iso. Recalca o Sr. Puch Casal que este tema hai que resolvelo antes de que empecen as obras do IES.

O Sr. Dguez. Fdez. pregunta cando se empezará a derrubar as casas que xa están expropiadas. Contéstalle o Sr. Consuegra (UTE-RANDE) dicindo que neste mes de xuño.

O Sr. Puch Casal pregunta polas pantallas acústicas e pregunta como vai quedar ese solo urbano.

O Alcalde contéstalle decindo que non somente é o tema das pantallas acústicas senón que tamén o asfaltado absorbente e que iso xa estaba falado.

O Sr. Puch Casal pregunta que cando se falou iso. Contéstalle o Alcalde que cando se remate a obra e se faga o asfaltado se falará de que pantallas se colocan.

O Sr. Villar Rguez. di que o tema de ruidos é un problema serio. Que hai un mapa de ruidos e que existe un estudio onde se indicaban as zonas máis afectadas e que as pantallas estaban incluídas nese estudio.

O Sr. Castro Campos (AUDASA) indica que efectivamente hai un estudio de ruído que inclúe ese mapa de ruído que está vixente desde 2012. Indica que basicamente marca unha distribución do ruído a través dun modelo informático, pero que en base a iso non se pode propoñer a colocación das pantallas acústicas.

O Sr. Cela Acevedo (AP-9) indica que a cuestión é que o estudio de ruidos non resolve o problema pero que os veciños son os que teñen o problema real xa que cada vez soportan máis ruído nas vivendas.

O Sr. Dguez. Fdez. insiste en que se esta executando unha obra que está ocasionando moitísimos desperfectos e que os veciños están soportando moita problemática que xurde da propia obra e que eses desperfectos terán que ser resoltos. Pregunta que se iso non se fai como reposición como se vai facer.

Contéstalle o Sr. Castro Campos (AUDASA) decíndolle que a reposición de servizos está incluída no proxecto, que o que non está recollido son as melloras e que todo iso haberá que negocialo.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Dguez. Fdez. insiste en que hai casas cheas de fendas e que iso está producido polas obras e insiste en que se están provocando moitísimos problemas. Di que hai falta de confianza porque non se está dando resposta nin resolvendo os problemas dos veciños e veciñas afectados.

O Sr. Puch Casal di que a parroquia está soportando un dano enorme polas obras que se están executando. Insiste en que hai moitísimo ruído. Que se están pedindo cousas para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas polas obras e que AUDASA ten que resolver estas cuestións plantexadas. Explica que na Zona de Pasán, por exemplo, hai unha tubería de fibrocemento que hai que repoñer de fundición porque do contrario vai haber problemas todos os días porque está soportando moitísima carga e está habendo roturas a cotío.

A FONTE DA FRAGA.-

O Sr. Villar Rguez. pregunta cando se vai facer esa actuación nas tuberías do Torreiro.

O Alcalde pregunta onde se está traballando agora e se as tuberías son de Aqualia. Pregunta se hai unha alternativa.

Toma a palabra o Sr. Álvarez Airavella insistindo novamente no tema das pantallas que se van colocar e que deberán ser transparentes.

Contéstalle o Alcalde dicindo que aínda é prematuro falar diso.

O Sr. Corugeira pregunta se é posible acceder aos planos da Ponte de Castelao. Contéstalle a Sra. Fdez. Prieto decíndolle que todos os camiños van dirixidos a executar as pilas. Logo verá como se fan. Non está nada proxectado aínda. Non hai ningún proxecto de posta en valor do castelo. Patrimonio non dixo nada.

O Sr. Villar Rguez. Insiste en que como non hai nada se se fixo unha visita e se vai enviar a Patrimonio. Indica así mesmo que xa no ano 2011 a proposta de AUDASA a rechazou Patrimonio.

Contéstalle a Sra. Fdez. Prieto de que se executará a obra aprobada por Patrimonio. Outra cousa é a mellora para a posta en valor do Castelo que iso haberá que velo.

O Sr. Villar Rguez. Indica que lle gustaría que os planos se lle aportasen a AUDASA.

PRAIA DE CABANAS.-

O Sr. Alvarez Castro (PSOE) pregunta se van permitir o acceso á praia.

Contéstalle a Sra. Fdez. Prieto dicindo que van modificar a sinalización do aparcamento para os veciños e vaise sinalizar a senda peatonal balizándoa debidamente para que se poida acceder.

O Sr. Alvarez Castro insiste en que se limpe a estrada pois está feita un desastre. Non hai beirarrúa e está chea de grava o que dificulta o acceso.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Corugeira pide que se coloquen vallas para os peatóns debaixo da Ponte de Rande.

O Sr. Cela Acevedo (AP-9) di que a Zona de Cornide non se sabe nin como vai quedar. Unha cousa é facer as obras e outra que os veciños non poidan meter os coches nas súas casas.

O representante de FOMENTO di que as cousas fanse por seguridade.

A Sra. Amoedo Dasilva di que haberá que ver esa zona e dálle alternativas aos veciños.

A Sra. Fdez. Prieto di que AUDASA sempre busca alternativas. Di que en canto teñan o estudio xeotécnico poderán falar porque polo de agora non saben nin o que van facer.

O Sr. Villar Rguez. pregunta sobre se na EXPLANADA DE RANDE é onde se van poñer os materiais para a ponte. Contéstalle o Sr. Consuegra dicindo que é posible que ese sexa o punto de partida pero que aínda non o pode dicir exactamente.

Despois das explicacións sobre o estado das obras o Alcalde pasa ao terceiro punto da orde do día.

3.-ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Villar Rguez. (AER) fai as seguintes preguntas:

- 1. Ao Ministerio, ten algo que ver a falta de avances na realización do proxecto do novo colexio cos retrasos no Plan Especial de Dotacións que prepara o Concello de Redondela? En que administración está estancado o proxecto?**
 - Contéstalle o Alcalde decíndolle ao Sr. Villar que os proxectos van en paralelo.
- 2. Ante a demolición de parte do CEIP Igrexa. Está prevista unha alternativa para o alumnado se o edificio sofre danos estruturais?**
 - Contéstalle o Alcalde decíndolle que iso depende de Educación. Que se hai algún problema Educación garante as medidas docentes e de seguridade.
- 3. O Ministerio de Fomento, máximo responsable das obras. Está facendo controis sobre as xornadas de traballo e descanso dos operarios que alí traballan? Pode asegurar aquí a día de hoxe, se se cumpren as xornadas que marca a lei?**
 - O representante de Fomento non contesta á pregunta pois di non ter datos concretos.
- 4. Toda a obra de construción ten os seus elementos contaminantes sobre todo enriba do mar. Vai a procederse á colocación de barreiras anti-contaminación no entorno da Ponte de Rande?**
 - O representantes de Fomento contesta dicindo que sempre hai un control ambiental e polo tanto as medidas anticontaminación fanse sempre.



CONCELLO DE REDONDELA

5. Insistimos na pregunta....dende que punto da ría van a partir os materiais para a contrución metálica da Ponte de Rande?

- Non se contesta á pregunta.

6. Cando está previsto o cambio dos tirantes da actual Ponte de Rande?

- Contéstalle dicindo que na ponte actual non está contemplado o cambio dos tirantes. Que o proxecto vixente incorpora 80 novos cables ou tirantes pero non a súa substitución.

7. Atendeu o Ministerio o rogo de AER e estase investigando o paradeiro das pedras desaparecidas do Castelo de Rande?

- A esta pregunta non contesta ninguén.

8. Ten previsto o Ministerio instar á concesionaria a que se faga cargo do mantemento dos restos do Castelo de Rande unha vez rematada a súa restauración?

- Contéstaselle que está solicitado un informe de Patrimonio.

9. Cando está previsto o asfaltado que reduce o ruído nos tramos urbanos de Redondela?

- Non se contesta á pregunta.

O Sr. Cela Acevedo (Afectados AP-9) pregunta:

1. Como se anclan as gruas á Ponte de Rande?

- Contéstalle o Sr. Consuegra decíndolle que están ancladas aos pilares da ponte e suxeitas a el.

2. Se está controlando a contaminación que poida producirse?

- Contéstalle o Sr. González Barbeiro dicindo que existe preocupación e que é lóxico pero que non é responsabilidade do concello de Redondela controlar a lámina de auga, que se fai un seguimento para ver se existiran vertidos pero que o concello non é responsable.

O Sr. Villar Rguez. (AER) fai os seguintes rogos:

1. Aínda que tanto o Ministerio como a concesionaria rexeitan por propio interese admitir que a reposición de servizos no concello de Redondela polas obras da AP-9 son parte da ampliación da súa capacidade. A realidade é que para que ás obras avancen as reposicións son necesarias, reposicións que están causando alarma nas comunidades educativas e sociais de Chapela. Reposicións que nunca se tiveron en conta no proxecto de exposición pública. **Polo que rogamos que unha vez acordadas as mesmas sexan postas a exposición pública no**



CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela cun periodo de alegacións non inferior a 15 días hábiles.

2. Ante a previsión de retencións de tráfico causadas polas obras na estrada nacional polo avance das obras da AP-9. Unha vez comecen a producirse **rogamos que o Ministerio inste á empresa concesionaria ao levantamento das barreiras da peaxe de Rande para así aliviar o tráfico da estrada nacional 550.**

Toma a palabra o Alcalde aceptando os rogos do Sr. Villar Rguez. e indicando que desde o concello de Redondela sempre se está disposto a falar. Que hai moita xente traballando desde hai moito tempo para buscar solucións a toda a problemática que está xurdindo coas obras de ampliación da AP-9 pero que hai moitos outros que veñen ás xuntanzas a entorpecer e obstruír. Indica que o importante é sumar e intentar entenderse para sacar as cousas adiante. Que non hai disputas políticas senón que o importante é resolver os problemas. Que non lle parece ben que sempre haxa un estado de provocación por parte dalgúns nas xuntanzas.

Contéstalle o Sr. Dguez. Fdez. (Afectados AP-9) decíndolle que iso é unha mala interpretación. Que non van entrar en valoracións porque non queren enfrontamentos. Indica que eles veñen as xuntanzas a defender os dereitos dos veciños. Que non aceptan máis que se veña á xuntanza para resolver enfrontamentos políticos que aquí debe virse a negociar e a intentar resolver os problemas dos afectados.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Alcalde levántase a xuntanza sendo as 12:30 horas do día indicado no encabezamento do que, como secretaria da comisión dou fe, asinando a presente acta xunto co alcalde.